



**ASUNTO: Apertura extraordinaria para novos aspirantes á bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigadas de incendios exclusivamente para o posto de XEFE DE BRIGADA.**

**EXPEDIENTE: 2026/E001/000007**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000287**

**Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde do Concello de Negreira, na provincia da Coruña;**

Vista a necesidade de proceder a ampliar o prazo para a presentación de instancias do posto de xefe de brigada da bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigada de incendios exclusivamente para o posto de XEFE DE BRIGADA, tras publicación do decreto nº272/2026 de data 23 de xuño de 2026.

Esgotado o prazo de presentación de instancias para a praza de Xefe de Brigada e valorada a documentación presentada polos aspirantes, aprobase a listaxe de admitidos en dito proceso e convócanse ao resto de participantes para a realización dos recoñecementos médicos, esta Alcaldía en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar a listaxe de aspirantes que presentaron a documentación no prazo establecido para o posto de Xefe de brigada:

NOME E APELIDOS	ESTADO
VIOLETA PÉREZ BARBAZÁN	ADMITIDA

**Segundo:** Convócase a aspirante na praza de xefe de brigada para a realización da proba física e proba escrita na seguinte data:

DÍA: Luns 29 de Xuño.

HORA; 14:00

LUGAR; Casa da Cultura do Concello de Negreira. (1º andar)

**Terceiro;** Convocar a todos os aspirantes que superaron a proba física e a escrita para a realización dos recoñecementos médicos, tal e como se establece no punto oitavo das bases e no punto quinto do convenio de incendios, ditos recoñecementos realizaranse:

DIAS; 30 de xuño de 2026 e 1 de xullo de 2026.

HORA: Dende as 08:00, serán citados persoalmente.

LUGAR: Entrada do Auditorio Novo da Casa da Cultura. (Explanada atrás do GADIS)

**Cuarto;** Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira á data da sinatura electrónica.

O alcalde

A secretaria accidental